



Expediente núm.: 474/2024

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2024 - 2025

Categoría profesional: Limpador/a de instalacións municipais

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. A Providencia de Alcaldía de data 15.03.2024 fai referencia á necesidade de contratación, con carácter temporal, de tres (3) postos de traballo na categoría de "Limpador/a de instalacións municipais", ao abeiro da Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de emprego para os anos 2024 – 2025, e que ditas contratacións temporais teñen por obxecto a cobertura de dúas prazas que figuran incluídas na Oferta extraordinaria de Emprego Público para o ano 2022 correspondente ao proceso extraordinario de estabilización e consolidación de emprego temporal, segundo o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e unha para reforzar as necesidades do servizo de limpeza municipal.
2. O 15.03.2024 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre as vacantes existentes na categoría de "Limpador/a de instalacións municipais" que son susceptibles de cubrir mediante contratacións laborais temporais e as condicións que deben reunir ditas contratacións laborais.
3. O 15.03.2024 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0239 de data 14.03.2024.
4. A Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0239 de data 14.03.2024, establece o que copiado literalmente di:

"Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do Selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2024 – 2025, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA LINGUA GALEGA	EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 5 pts.)	FORMACIÓN (Máx. 3 pts.)	ENTREVISTA CURRICULAR (Máx. 12 pts.)	TOTAL PUNTOS
1	Lacusta Vanesa-Iris	1088	APTA	1,20	0,80	10,50	12,50
2	Nóvoa Fernández M ^a Teresa	8846	-	3,30	0,00	9,00	12,30
3	Tedín Suárez Alejandro	6042	-	0,00	0,00	10,50	10,50
4	Fernández Borrajo Sonia	7000	-	1,00	0,20	8,00	9,20
5	López Pérez Alberto	4685	-	2,61	0,10	6,00	8,71

LUIS MENOR FÉREZ (1 para 2)
D. CALDE
Data: 15/03/2024
SHA256: f0d4aebb1f8c96546747c6da651c2e7e



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA FÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENCION
D. CALDE
Data: 15/03/2024
SHA256: e5261d7c6907e668312a9fb22fb92c





6	Lococo Denise Laura	9155	-	0,00	0,00	8,00	8,00
7	Gómez Queija María Carmen	8698	-	0,00	0,50	6,00	6,50
8	Bermúdez Hernández Pablo	2182	-	0,00	0,00	6,00	6,00

Vistos os Informes emitidos polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade de cubrir tres (3) postos de traballo na categoría de "Limpador/a de instalacións municipais", mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024-2025, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación para o posto de traballo de "Limpador/a de instalacións municipais", dos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0239 de data 14.03.2024 por orde de puntuación:

- Vanesa Iris Lacusta, con NIE núm. 1088
- María Teresa Nóvoa Fernández, con DNI núm. 8846
- Alejandro Tedín Suárez, con DNI núm. 6042

Segundo.- Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato o 18 de marzo de 2024, indicando que as ditas contratacións temporais cubrirán exclusivamente o tempo que duren as circunstancias que as motivaron.

Terceiro.- Formalizar os contratos de traballo con carácter de persoal laboral temporal (grupo V), en réxime de dedicación a tempo parcial, atendendo ao disposto no artigo 2 das Bases de selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2024 – 2025, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023 – 1038 de data 07.12.2023, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data 11.12.2023. Modalidades de contratación recollidas no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. As contratacións serán con carácter de persoal laboral temporal, mediante:

- (2) contratos de traballo de duración determinada por substitución de persoa traballadora, grupo V, en réxime de dedicación a tempo parcial (50,00 %).
- (1) contrato por circunstancias da produción, grupo V, en réxime de dedicación a tempo parcial (50,00 %).

Cuarto.- Os custos salariais e demais condicións das ditas contratacións serán os que se detallan a continuación:





**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

CATEGORÍA	Limpador/a de instalacións municipais
Nº traballadores/as	2
Aplicación orzamentaria	920.131.20
Tipo de contrato de traballo	Contrato de duración determinada por substitución de persoa traballadora
Xornada	50,00%
CNAE - Ocupación	8411 - G
Retribucións brutas /mes (incl. p.p.p.e.)	697,07 €
S.S. empresa / mes	237,56 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	934,63 €

CATEGORÍA	Limpador/a de instalacións municipais
Nº traballadores/as	1
Aplicación orzamentaria	920.131.20
Tipo de contrato de traballo	Contrato de duración determinada por circunstancias da produción
Xornada	50,00%
CNAE - Ocupación	8411 - G
Retribucións brutas /mes (incl. p.p.p.e.)	697,07 €
S.S. empresa / mes	245,93 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	943,00 €

Quinto.- A queda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024 – 2025:

	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA LINGUA GALEGA	EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 5 ptos.)	FORMACIÓN (Máx. 3 ptos.)	ENTREVISTA CURRICULAR (Máx. 12 ptos.)	TOTAL PUNTOS
1	Fernández Borrajo Sonia	██████████7000██████████	-	1	0,2	8	9,2
2	López Pérez Alberto	██████████4685██████████	-	2,61	0,1	6	8,71
3	Lococo Denise Laura	██████████9155██████████	-	0	0	8	8
4	Gómez Queija María Carmen	██████████8698██████████	-	0	0,5	6	6,5
5	Bermúdez	██████████2182██████████	-	0	0	6	6

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2024-0244 Data: 15/03/2024

Cod. Validación: 42TL6T7EDT9TQZLQ7PFLHEMWT
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Hernández Pablo	■					
--------------------	---	--	--	--	--	--

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Oitavo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2024-0244 Data: 15/03/2024

Cod. Validación: 42TL6T7EDT9TQZLO7PFLHEMWT
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

